

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------------|----------|---------------|
| 15003212 | IES Agra de Raíces | Cee | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Filosofía | 1º Bac. | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 5 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 19 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 20 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 20 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 20 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 22 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 22 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 23 |
| 7.2. Actividades complementarias | 25 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 26 |
| 9. Outros apartados | 26 |

1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolve a materia de Filosofía para o 1º curso de Bacharelato tendo como referencia o Decreto 157/2022 de 2022 onde se define o curriculum da ESO e Bacharelato na CCAA de Galicia.

Na elaboración das unidades didácticas tívose en conta en primeiro lugar a especificidade da filosofía. Neste sentido é importante ter en conta que a filosofía propónse fomentar a reflexión sobre os problemas universais e fundacionais ao mesmo tempo que ofrecer unha caixa de ferramentas para a reflexión crítica e racional sobre eles. Sempre coa intención de promover a madurez persoal e social do alumnado, dende a súa autonomía, coa adquisicións de instrumentos e a súa posta en práctica.

Polo tanto, a materia de 1º de Bacharelato se constitúe como unha introdución á filosofía con tres finalidades: (1) Por un lado, ofrecer un marco conceptual e metodolóxico das inquietudes universais e fundacionais do ser humano; (2) Por outro lado, fomentar os instrumentos de diálogo e escoita racional dunha sociedade democrática e ética coas ferramentas da argumentación racional; e finalmente (3) adquirir as ferramentas para a reflexión crítica e creativa sobre un mesmo e sobre os problemas da sociedade contemporánea.

En coherencia con estes plantexamentos a materia de 1º de Bacharelato é unha introdución á filosofía. Busca fomentar a adquisición no alumnado de: (a) unha perspectiva holística e interdisciplinar sobre os principais problemas filosóficos; (b) un uso rigoroso e non dogmático da pluralidade de perspectivas filosóficas; (c) o pensamento autónomo e rigoroso; e finalmente, (d) o recoñecemento das diversas concepción e ideas sobre os problemas filosóficos.

Os criterios de corrección e os indicadores de logro especificados son en consecuencia coherentes coas finalidades e obxectivos indicados, Desenvolvense polo tanto na programación ao longo dunha avaliación continua en nove unidades didácticas. Comezamos cunha introdución a disciplina e a súas ferramentas, para logo percorrer as preguntas filosóficas nas ramas da filosofía: antropoloxía, epistemoloxía, metafísica, filosofía política, ética e finalmente a estética cunha unidade didáctica centrada en Filosofía e xénero.

Outro a ter en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación se desenvolve nun instituto na comarca de Fisterra, no territorio da Costa da Morte.

A súa área de influencia abarca os concellos da bisbarra (Corcubión, Fisterra, Dumbría, Muxía), Carnota e Mazaricos, estendéndose a outros concellos da Costa da Morte no caso do Ciclo Formativo.

O contexto social, económico, cultural e educativo da comarca de Fisterra é moi parecido ao das comarcas limítrofes, con marcadas diferenzas con respecto aos territorios urbanos e da de Galicia interior, froito das condicións xeográficas e o escaso desenvolvemento económico.

A comarca de Fisterra dende hai moitos anos ven padecendo un decrecemento da poboación de xeito constante. A estrutura da poboación da comarca é moi parecida á galega, onde as persoas en idade laboral activa supoñen o 66% da poboación, e os maiores de 64 anos son case o dobre que os menores de 16 anos. A idade media é de 48 anos, a de maternidade é de 31 e o número de fillos por muller é de 1. A taxa de natalidade é 6,2 case un punto por debaixo da de Galicia. A poboación estranxeira a penas se achega ao 1% da poboación.

No que respecta ao concello de Cee, onde se localiza o IES Agra de Raíces, obsérvase un decrecemento constante da poboación desde o ano 2011 no cal se acadou un pico de 7920 habitantes. Os 7568 actuais repártense en 3645 homes e 3923 mulleres. A idade media do concello é de 46,01 anos, un pouco por debaixo da media da comarca. A taxa de paro sitúase case no 18%.

A comezos do século XXI a taxa de poboación activa da comarca estaba 10 puntos por debaixo da de Galicia, sendo o triplo nos homes fronte ás mulleres. Porén, o paro tiña un comportamento inverso, estando a 4 puntos por riba do de Galicia, e sendo o dobre entre as mulleres que entre os homes. Estas tendencias aínda se seguen mantendo na actualidade en maior ou menor porcentaxe. Por sectores económicos, a ocupación maioritaria da poboación era no sector servizos, pero 14 puntos por debaixo da porcentaxe galega. En segundo lugar estaba o sector primario cunha diferenza de 11 puntos por diante da porcentaxe galega sendo especialmente salientable a pesca. O subsector da construción experimentou un incremento nos índices de paro nos últimos anos, e logo a industria, pero a 6 puntos por debaixo da galega destacando a acuicultura, a produción de enerxía hidroeléctrica e eólica. Nestes últimos anos obsérvase tamén o aumento constante no número de turistas que visitan a comarca e de peregrinos que continúan o Camiño de Santiago ata Fisterra. A meirande parte do tecido empresarial da comarca está composto por

microempresas, destacando o concello de Cee como centro daquelas dedicadas ao sector servizos.

Asunto de máxima actualidade é o relacionado con Ferroatlántica a intención de vender parte das centrais hidroeléctricas e das fábricas de ferroalixe de Cee e Dumbría o que provocaría a perda de 400 postos de traballo co correspondente impacto na comarca. Este problema afecta directamente a bastantes familias do alumnado do centro.

No que respecta á escolarización na comarca de Fisterra a comezos de século, o 25% da poboación tiña menos de 5 anos de escolaridade, a unha diferenza de 11 puntos por riba de Galicia. O 30% non acadara o graduado escolar, 3 puntos máis que en Galicia. O 7% acabara o bacharelato, estando 4 puntos por debaixo da porcentaxe galega, e outro tanto unha formación profesional de grao medio ou superior. A porcentaxe de persoas con estudos universitarios era do 6%, 5 puntos por debaixo da galega. Na actualidade os cambios das tendencias son moi lentos aínda que cada vez máis persoas acadan estudos superiores e universitarios.

Os niveis de renda na comarca de Fisterra seguen presentando un desequilibrio na súa distribución, en comparación co comportamento que teñen en Galicia. O PIB por habitante da comarca sitúase arredor dos 18.000 €.

Con respecto ao idioma descríbese unha realidade lingüística de predominio do uso do galego dun xeito moi maioritario entre a poboación da comarca. Neste senso, a inicios do século XXI practicamente a totalidade dos habitantes da comarca entende o galego, e sábeno falar o 98% (7 puntos por riba da galega), ler o 70% e escribir o 60%, lixeiramente superior a Galicia. O 86% da poboación usa o galego habitualmente, estando a 29 puntos por riba da galega, e só o 3% non o usa nunca, a 10 puntos por debaixo da galega.

No que respecta á estrutura familiar teñen unha especial incidencia as familias compostas por pais, fillos e outros membros, maioritariamente de terceira xeración. Tamén é significativo as familias retornadas da emigración a Europa, nomeadamente Suíza, Francia, Inglaterra, Holanda... Os escolares procedentes destas familias adoitan ter problemas de adaptación ao nivel académico que lles corresponde. Tampouco podemos esquecer que a emigración afectou de maneira moi importante ás familias desta comarca reactivándose a partir da recente crise económica. As rupturas familiares, segundo diversas fontes, acadan niveis por debaixo da media galega, sendo moitas veces causa dos problemas de integración dalgúns alumnos e alumnas. Tamén a violencia machista está presente nas familias e na sociedade, aínda que nas estatísticas non aflora na súa verdadeira dimensión.

A violencia social acada índices baixos en global. A súa incidencia é, de xeito non uniforme, máis intensa nas vilas costeiras e de maior poboación. A mestura de violencia e de drogas segue sendo un binomio que explica a inseguridade cidadá nalgúns puntos da Costa da Morte. No referido ao consumo de drogas, diversas fontes sitúan a súa frecuencia nalgúns ambientes de ocio xuvenil, destacando o consumo de alcol de fin de semana, as drogas de deseño, o cannabis, e outras. O alcoholismo é unha adicción con notable presenza, e causa de problemas familiares e sociais. Recentemente obsérvase un incremento do interese dos adolescentes polas apostas realizadas a través de máquinas en cafeterías e lugares de ocio.

As infraestruturas e a planificación cultural dependen principalmente dos concellos, aínda que a iniciativa social ten un peso importante na actividade cultural que se leva a cabo na comarca. Caracterízase por unha dependencia económica das administracións públicas e por unha programación maioritariamente allea aos principais circuitos urbanos galegos. Destacan eventos de carácter popular e tradicional, e algún singular que transcende o ámbito da zona na súa proxección (Mostra de Teatro de Cee, suspendida nos últimos anos, Congreso de Turismo, ...). En canto ás infraestruturas audiovisuais, tan só a vila de Cee conta con tres salas de cine. No ano 2015 inaugurouse a Casa da Cultura de Cee, unha moderna instalación con sala de música, exposicións e biblioteca, que levaba anos pendente de rematar e cunha oferta cultural variada para público infantil, xuvenil e adulto.

No campo da creación literaria a zona ten unha especial relevancia pola numerosa presenza de creadores, que nalgúns casos de xeito individual e noutros de xeito colectivo (Batallón Literario da Costa da Morte) están presentes nas Letras Galegas cunha meritosa e recoñecida obra. Cabe destacar que a maioría destes escritores e escritoras formaron parte do alumnado deste centro.

As infraestruturas educativas existentes na comarca de Fisterra e nos concellos de Carnota e Mazaricos suman un total de 29 centros educativos. No que respecta aos centros públicos da redonda a tendencia é a unha diminución do alumnado. O noso IES -Agra de Raíces- conta cunha matrícula total de 382 alumnos/as, en Ensinanza Obrigatoria hai 218, en Bacharelato 119 no Ciclo Formativo, 45 alumnos/as no ciclo formativo. Estamos pendentes da matrícula da segunda quenda do Ciclo que se realizará no mes de xaneiro.

O grupo de 1 de Bacharelato esta composto por 60 alumnos e alumnas de entre 15 e 18 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|---------|----|------|-----|-------|-------|----|------|
| OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinares, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador. | 2-3 | | | | 12-40 | 1-3-4 | | 1 |
| OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses. | 1-2-3-5 | | 1 | 1-3 | 40 | 3 | 3 | |
| OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática. | 1-5 | | 1 | | 31 | 2-3 | | 1-32 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|----|-------|-------|----|------|
| OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos. | 2-5 | | | | | 1-2-3 | | 2 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Introdución á filosofía | Introdución ao saber filosófico entre as diferentes formas de coñecemento humano. | 11 | 11 | X | | |
| 2 | Epistemoloxía: que é coñecemento? | Introdución a reflexión filosófica sobre o coñecemento: que é que, tipos.... | 11 | 10 | X | | |
| 3 | Filosofía e xénero | Análise crítico das ausencias e discriminacións que cuestionan a tradición. | 11 | 11 | X | | |
| 4 | Pensando lxicamente | Agumentación formalmente válida, informal, incorrecta. | 12 | 12 | | X | |
| 5 | Ontoloxía: porque existe algo e non máis ben a nada? | Introdución a reflexión filosófica sobre a realidade. | 11 | 15 | | X | |
| 6 | Antropoloxía: natureza ou cultura? | Introducción a reflexión filosófica sobre o ser humano | 11 | 11 | | X | |
| 7 | Ética: de onde ven o ben e o mal? | Introdución a reflexión filosófica sobre as diferentes concepción morais e éticas | 11 | 15 | | | X |
| 8 | Filosofía Política: que é o ben común? | Introdución a reflexión filosófica sobre o ben común. | 11 | 10 | | | X |
| 9 | Estética: existe a beleza? | Introdución a reflexión filosófica sobre a beleza e a arte | 11 | 10 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1 | Introdución á filosofía | 11 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico. | Definir de xeito claro e rigoroso as características e instrumentos fundamentais da filosofía | PE | 80 |
| CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos | TI | 20 |
| CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos | | |
| CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega para desenvolver as taboas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía. |

Contidos

- Características da filosofía.
- Concepcións da filosofía.
- A tradición filosófica.
- Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía.
- A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico.
- A filosofía como saber.
- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.
- Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.
- Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética.
- As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais.
- Os métodos da filosofía.
- O traballo filosófico.
- Uso e análise crítico de fontes.
- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.
- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.
- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
- A investigación e a disertación filosóficas.
- O sentido da filosofía no século XXI.
- Sentido e finalidade da filosofía.
- A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.
- Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 2 | Epistemoloxía: que é coñecemento? | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|-------------------------|------------------------|----|---|
|-------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretalo, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías. | Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado. | PE | 80 |
| CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Analiza de xeito argumental a transcendencia dos problemas filosóficos e a súa relación con algunha disciplina. | TI | 20 |
| CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Argumenta sobre cuestión de actualidade empregando conceptos filosóficos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O problema filosófico do coñecemento. - Definición, posibilidade e límites do coñecemento. - A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías. - A dimensión social e política do coñecemento. - O papel da muller na ciencia e nos outros saberes. - Coñecemento e interese. - Saber e poder. - A tecnociencia contemporánea. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | Filosofía e xénero | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Elabora unha argumentación razonada oral e escrita algún dos problemas filosóficos máis relevantes da historia, desenvolvendo ao mesmo tempo unha opinión persoal | PE | 80 |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | TI | 20 |
| CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición. - Filosofía e condición social: a discriminación social. - Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía. - Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural. - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O sentido da filosofía no século XXI. - A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 4 | Pensando lóxicamente | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Emprega medios dixitais axeitadamente á hora da exposición de contidos, así como unha exposición oral e escrita coherente dos mesmos. | PE | 80 |
| CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e negados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A verdade como obxectivo do coñecemento. - As teorías da verdade. - O fenómeno da desinformación e a «posverdade». |

Contidos

- O razoamento e a argumentación.
- A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional.
- A argumentación informal.
- A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos.
- O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 5 | Ontoloxía: porque existe algo e non máis ben a nada? | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretar, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías. | Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado. | PE | 80 |
| CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndoo en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade. | Analiza as ideas principais dun texto filosófico e ponas en relación con outros problemas principais da filosofía ou da actualidade. | TI | 20 |
| CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos. | Analiza de xeito formal e informal a argumentación textual e identifica as falacias e nesgos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O problema metafísico do real.
- Aparencia e realidade. As realidades virtuais.

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Unidade e pluralidade. - Categorías e modos de ser. - Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais. - O problema filosófico do tempo e do cambio. - O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial. - O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade. - O problema filosófico da existencia de Deus. - Teísmo, ateísmo e agnosticismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------------------------|----------|
| 6 | Antropoloxía: natureza ou cultura? | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|----|
| CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico. | Xera unha reflexión acerca do que é a filosofía e a antropoloxía distinguíndoa doutros saberes. | PE | 80 |
| CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | TI | 20 |
| CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano. - A filosofía e a existencia humana. - O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana. - A especificidade natural do Homo sapiens. - Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos. - Personalidade e identidade persoal. - A estrutura psicosomática da personalidade. - Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas. - Consciencia e linguaxe. - O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade. - Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------------------|----------|
| 7 | Ética: de onde ven o ben e o mal? | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|----|
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio. | PE | 80 |
| CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos | TI | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos | | |
| CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas. | Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega para desenvolver as taboas. | | |
| CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O feito ético e a razón práctica. - Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política. - A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral. - Metaética e ética normativa. - Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo. - Formalismo ético fronte a materialismo ético. - Universalismo e relativismos éticos. - Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes. |

Contidos

- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.
- Problemas ecosociais e medioambientais.
- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.
- Xeracións dos dereitos humanos.
- Os dereitos da infancia.
- Dereitos dos animais.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 8 | Filosofía Política: que é o ben común? | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica. | Expón de xeito oral e escrito a influencia das diferentes pensadoras e pensadores ao longo da historia da filosofía. | PE | 80 |
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos | TI | 20 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|---|
| CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais. | Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións. | | |
| CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso. | Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como animal político. - Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo. - Definición do político: legalidade e lexitimidade. - Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza. - O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo. - Cidadanía e Estado de benestar. - Xustiza e democracia. - A xustiza como problema filosófico. - A reflexión filosófica sobre a democracia. - Ideais, utopías e distopías. - Os movementos sociais e políticos. - O feminismo e a perspectiva de xénero. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------------|----------|
| 9 | Estética: existe a beleza? | 10 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea. | Reflexiona de xeito oral e escrito cuestións de relevancia arredor da crítica e do papel das imaxes, arte e linguaxe audiovisual. | PE | 80 |
| CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural. | Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos | TI | 20 |
| CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica. | Articula un ensaio crítico empregando conceptos filosóficos | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto. - Teorías sobre a beleza e a arte. - Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte. - Teorías e problemas estéticos contemporáneos. - A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual. - A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política. - Ética e estética. - O papel político da arte. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa finalidade de que o alumnado alcance unha actitude crítica e reflexiva, débese dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento. O esquema ensino-aprendizaxe que se utilizará perseguirá este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos en íntima relación coa actividade práctica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer filosófico (comentario de texto, disertación, recesión, valoración de dilemas morais...). O obxectivo fundamental será o de estimular ao alumnado a pensar de xeito autónomo, aprendendo filosofía á vez que filosofan e tratando de fundamentar o que digan ou escriba con autonomía e espírito crítico.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas ou ideolóxicas simetidas a elaboración, análise ou debate
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.
- Actuar seguindo pautas de estándares profesionais na esixencia do traballo individual e colectivo: puntualidade, dedicación, actitude, rendementos, seguimento das instrucións de traballo, resultados materiais e formais, etc.

Ao inicio de cada unidade didáctica exoranse os instrumentos de avaliación a aplicar e a súa ponderación. Deixando claro os obxectivos concretos mínimos. A continuación farase unha introdución a cada UD activando os coñecementos previos do alumnado. Logo, desenvolveranse as actividades e proxectos propios da UD cun resume ou síntese final dos contidos e procesos presentado.

Nas aulas o alumnado traballará en grupos: dende o grupo aula aos grupos de traballo cooperativo. Realizaranse tamén tarefas individuais.

Cada proba, individual ou grupal, escrita ou oral, contará cunha rúbrica na que os instrumentos de avaliación e os obxectivos se especifiquen. Cada rúbrica será traballada na aula. Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante. Se informara individualmente dos resultados ofrecendo en cada caso propostas de mellora.

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Apuntamentos propios do profesorado |
| Caderno filosófico |
| Dossier conceptual |
| Libros de lectura |
| Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces |
| Aula virtual da materia |

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, Os pupitres individuais serviran tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos ou o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas. O cuaderno filosófico servirá de diario da aula. Os libros de lectura serán actividades voluntarias para redondear ou subir a nota final. A aula virtual na web do centro servira como repositorio de materias, como lugar de entrega de traballos, ferramenta de avaliación e como instrumento de comunicación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba tipo test sobre os autores e conceptos do temario. Também poderá consistir na lectura dun texto básico de filosofía con cuestións e un comentario crítico. Buscarase determinar tanto a comprensión lectora, expresión escrita como o grao de familiaridade cos conceptos filosóficos. Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permitirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos rasgos específicos e individuais do alumnado. Cunha taboa de indicadores baseada na observación das dúas primeiras semanas, mediante a observación na aula, avaliarase así mesmo a autonomía do alumnado no uso das TICs.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 11 | 11 | 11 | 12 | 11 | 11 | 11 | 11 | 11 | 100 |
| Proba escrita | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 | 80 |
| Táboa de indicadores | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 | 20 |

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Todas as probas e traballos (individuais, grupais, orais, escritas) que se describen poderanse avaliar como proba escrita ou taboa de indicadores.

O departamento de filosofía subirá á aula virtual na materia de FILOSOFÍA un documento cos instrumentos e procedementos de avaliación, co tipo de probas e rúbricas para a avaliación do alumnado. Estas serán:

CUESTIONARIOS TIPO TEST

Mínimo 1 presencial. Máximo 5 por trimestre 40%

TRABALLOS OBLIGATORIOS CERRADOS

Mínimo 2 máximo 4 por trimestre 40%

TRABALLO OBLIGATORIOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN

Únicamente 1 por trimestre 20%

Esta nota por cuestionarios e/ou actividades gárdase na mesma porcentaxe no caso de recuperación de avaliación trimestral.

Nos exames ordinario e extraordinario de xuño a nota depende nun porcentaxe total (100%) da nota acadada na referida proba.

Nas notas que se emitan nas avaliacións nas que se precisa expresar as cualificacións en enteiros, estas serán redondeadas ao enteiro inmediatamente inferior sempre que estean entre as 0 e as 69 centésimas e poderán ser redondeadas ao enteiro inmediatamente superior si van das 70 ás 99 centésimas.

O redondeo non se terá en conta á hora de elaborar as medias do trimestre ou do curso. Para estas operacións estatísticas terase en conta a nota real, con dous decimais, obtida nos exercicios. Aplicándose o redondeo final, sobre a nota resultante do promedio.

Nas notas finais da convocatoria ordinaria e da extraordinaria o redondeo será o enteiro superior mais próximo a partir de 0.5 (p. e. un 4.5 redondéase a 5) e do mesmo xeito redondearase ó enteiro inferior mais próximo no caso de que a cifra das décimas sexa 4 ou menor que 4.

A nota da avaliación final será calculada como media aritmética das notas das tres avaliacións parciais. Cando un/unha alumna non se presente a unha das probas co peso 40%, ou ben presentándose non acade como mínimo 1,00 puntos no total do trimestre, non se poderá calcular a media aritmética das notas das tres avaliacións apesares que a media permita 5 puntos.

Enténdese superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a o 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

O procedemento de recuperación é o seguinte:

-Unha recuperación de cada trimestre ordinario.

-Unha recuperación final (última semana de maio ou en xuño). A esta recuperación final deberá asistir obrigatoriamente o alumnado que teña neste momento un, dous ou tres trimestres suspensos. O alumnado que, a pesar de ter suspensos un trimestre, a media aritmética dos tres trimestres ordinarios sexa 5,00 puntos non estará obrigado a realizar a recuperación final.

- Se o alumno ou alumna ten un só trimestre suspenso, avaliaranse os CME correspondentes a ese trimestre e a nota acadada fai media cos trimestres aprobados.

-Se o alumno ou alumna ten suspensos 2 trimestres ou os tres do curso, fará unha proba cos CME correspondentes ao curso completo. Desta proba dependerá o 100% da súa nota.

-O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5 na proba final ordinaria ou na extraordinaria de xuño.

A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias.

O alumnado que teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade). O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizada no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

O alumnado que se matricule no curso académico 2022/23 no segundo curso do bacharelato e teña materias pendentes de primeiro curso ou teña que cursalas como pendentes poderá recuperalas durante o curso 2022/23 co currículo da materia que se extingue. De non superalas durante ese curso, a partir do curso 2023/24 terá que facelo co novo currículo nas condicións que se determinen. (Disposición transitoria segunda. Resolución do 26 de maio de 2022).

O departamento de Filosofía propón na aula virtual un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exisibles e as actividades recomendadas. Os instrumentos de avaliación a empregar serán Táboas de Indicadores (TI) sobre as actividades propostas na aula virtual e Probas Escritas (PE) que serán aplicadas en dous parciais.

Primeira proba parcial: UD da 1 a 4

Segunda proba parcial: UD: da 5 a 9.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarn as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4).

No caso de non superar as probas parciais o alumnado será convocado a unha proba final (Artigo 11. Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia) que se adecuará ás datas previstas para a ABAU e que versará sobre a totalidade dos contidos. Neste caso a cualificación estará composta exclusivamente polo resultado da proba final (PE) proposta (aplicarase ao resultado final o redondeo explicado e recollido na programación).

A aula virtual xogara un papel esencial no seguimento, avaliación e recuperación da materia. De ser preciso, programaranse clases fóra do horario lectivo (presenciais e/ou telemáticas) para facilitar o progreso do alumnado.

O seguimento do alumnado con materias pendentes corresponderá á xefatura de departamento en coordinación co profesorado de nivel que imparte docencia ao alumno ou alumna.

6. Medidas de atención á diversidade

Non se pode fomentar un proceso de aprendizaxe ensinanza da filosofía sen individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o departamento de orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

- 1) Adaptación da xestión da aula as características concretas do grupo, favorecendo o acceso aos recursos e a convivencia.
- 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e/ou emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.
- 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos.
- 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.
- 5) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.
- 6) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no

progreso do alumnado.

7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requirán modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben do xeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que hai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión.

En colaboración co titor e o departamento de orientación farase unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---------------------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X |
| ET.5 - Emprendemento social | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X |
| ET.9 - Creatividade | X |

Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| A procura da orixe | Viaxe a Altamira e a Atapuerca. Visitando, por proximidade, Santillana del Mar e Burgos. Poderíase coordinar co departamento de CCNN . | | | |
| Olimpíada Filosófica | Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Disertación Filosófica, Fotografía ou Video a determinar. | | | |
| O epicentro da cultura occidental | Realizar unha viaxe cultural ás cidades emblemáticas -Toledo e Córdoba- onde conviviron filósofos das tres culturas -Islámica, Xudea e Cristiá-cando a península era o epicentro da cultura de Occidente. Poderíase coordinar co departamento de CCSS. | | | |
| A identidade cultural e o estrañamento | Realizar unha viaxe até Valença do Miño con parada nos castros de Baroña e Santa Tegra e cruzando a fronteira física do río Miño para visitar a fortaleza de Valença. Poderíase coordinar cos departamentos de CCSS e/ou CCNN. | | | |

Observacións:

A olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía.

No caso de bacharelato a modalidade específica é Disertación, ferramenta que se traballa durante o curso, tendo como complementarias Video e Fotografía.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo. |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas. |
| 4. Adecuación da secuencia de traballo na aula. |
| 5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. |
| 6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba. |
| 7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. |
| 8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final |
| 10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado |

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación, correspondendo coas dúas unidades didácticas que se desenvolven en cada unha, para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e se anortaran datas de inicio e final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados